

Somos o que soñamos

E coas mentiras fágome un sorriso de xardín en festas.

14

Cunqueiro, que non cría nas musas, estimaba que “unha das condicións do escritor é a paciencia”. El exerceuna nas longas horas ocupadas en escribir artigos e guías de viaxes. Ademais, cando as obrigas llo permitían, facía poemas e fabulaba historias. Admitiu que “todo o que fixen, fíxeno en primeiro lugar... por divertimento de min mesmo”.

Durante anos a súa obra foi considerada evasiva porque as modas literarias esixían dos escritores un compromiso político explícito. Sen deixarse desalentar, agoirou: “Cando saía a literatura da escolástica da angustia e do tremendismo, eu teño para min que serei visto como un dos escritores desta metade do século que tivo nas mans froitos máis frescos e vivos”. Así foi.



Ilustración de José María Prim para *Las mocedades de Ulises* (1960)





Ilustración da primeira edición do *Sinbad* en galego



1968



1972





1974

Para el, as súas personaxes míticas eran “os símbolos máxicos desa relixión que se chama o home”.

Fotografía: José Suárez

Coa súa fiel compañeira, a Smith Premier número 10



O *Ulises* foi, canda o *Merlín* e o *Hamlet*, unha das súas obras máis queridas. O que dela dixo ben se podería dicir das súas outras narracións:

“Este libro non é unha novela. É a posíbel parte de ensoños e de asombros dunha longa aprendizaxe –a aprendizaxe do oficio de home–, sen dúbida difícil”.

“Toda novidade e primavera penden do corazón do home, e é este quen escolle as estacións, as ardentes amizades, as cancións, os camiños, a esposa e a sepultura, e tamén as soidades, os naufraxios e as derrotas”.



No niño novo do vento | Cen anos con Álvaro Cunqueiro | 1911-2011

Deloutro lado das montañas

Alguén dixo que non había cidades pra soñar
deloutro lado das montañas.
Non dixo se estaban no áer ou asolagadas nas lagoas,
ou perdidas no corazón do bosque.
Os que foron acolá nada atoparon,
nin altas torres, nin xardíns,
nin mulleres fiando no adro,
nin un rapaz aprendendo a tocar a gaita.
Só eu trouxen algo pra seguir soñando
algo visto e non visto na néboa da mañán,
algo que era unha flor ou un melro de ouro
ou un pé descalzo de muller,
un soño de outro que se puña a adormecer en min,
deitado nos meus ollos,
pedíndome que o soñase mais acó das montañas,
onde non hai cidades pra soñar.

E agora ando soñando por oficio, e non sei
se son eu quen soño, ou é que por min soñan
campos, olladas azúes, pombas que xogan cun neno,
ou unha man pequena e fría que me aloumiña o corazón.

Herba aquí ou acolá, 1991